

As langostas de Columbretes.

As Columbretes constitúen un arquipélago de illas e illotes de orixe volcánica, situado a 30 millas mariñas das costas de Castellón.

Durante anos, a pesca era libre no que era coñecido como un dos caladeiros de langostas máis productivos do mediterráneo ibérico. En 1990 foi creada a reserva mariña de interese pesqueiro, coa fin de protexer un hábitat esquilado pola intensa actividade extractiva.

Co paso dos anos, a vixilancia e a xestión das illas deviu nun dos exemplos máis evidentes do chamado efecto reserva. Era previsible que tal efecto fora evidente na especie máis emblemática do arquipélago, a langosta vermella.

Este crustáceo decápodo non é único que habita estes fondos. Un parente achegado, o lumbrigante, moito máis escaso, tamén é frecuente nas Columbretes. Entrambas especies, pertencentes à suborde *Reptantia*, hai diferencias notables; o lumbrigante está armado con fortes pinzas, mentres que as extremidades das langostas son menos robustas. Aínda que non é habitual, en ocasións é posible observarlas xuntas mentres se desprazan polo fondo.

O estudo do efecto reserva realizábase dentro e fóra da reserva mariña. Rexístrase a evolución da poboación, a estrutura demográfica no interior da reserva, os movementos dos adultos e a dispersión larvaria dende dentro cara afora na zona de interfase, así como a densidade de recrutas e a distribución das capturas no exterior da reserva.

Para obter esa información hai que realizar pescas experimentais con nasas cebadas, estimar a abundancia, registrar a relación entre a talla e o peso, a idade e a fecundidade. Ademais, as langostas son marcadas e séguense programas de captura e recaptura, a fin de completar os parámetros demográficos, biolóxicos e de dinámica da poboación.

Tras sete anos de protección, a poboación é entre 5 e 20 veces máis abundante que a dos caladeiros circundantes. Ademais, tense constatado unha relación inversamente proporcional entre a abundancia de langostas e a distancia á reserva, en cuxos límites se rexistra unha pesca notable. En xeral, a poboación mantense estable, aínda que hai fluctuacións, sobre todo dos grandes machos e dos recrutas inmaduros.

Canto ao potencial de exportación de ovos e larvas, tense demostrado que na reserva aumenta 6 veces respecto a caladoiros pouco explotados, e 20 veces, respecto aos moi explotados.

A dieta básica da langosta, que se alimenta de noite, baséase en moluscos, outros crustáceos e equinodermos, e a completa con algas e restos de carroña.

Os machos teñen un crecemento superior ao das femias, e demostraron ser máis lonxevos do que se pensaba, xa que chegan a vivir entre 20 e 25 anos. Os seus desprazamentos son limitados. Entre 2 e 3 km, se ben os grandes machos poden chegar a 4 ou 5 km.

O ciclo reprodutor é lento, pois non acadan a primeira madurez ata os 4 anos. O ciclo larvario é complexo, con 19 mudas e 2 metamorfoses, e realizan o asentamento no fondo cun tamaño aproximado de 2 cm.

Estas langostas xa marcadas voltan cara aos fondos das Columbretes para poder seguir informando do estado dunha especie que grazas á protección se recupera da sobrepesca.